- **Controlador de válvulas de presión:** controlador modulado da Presión de saída da Válvula Redutora onde as presións máxima e mínima se predeterminan mecanicamente. Dentro destes límites, o controlador electrónico Marca Pegasus ou similar axusta proporcionalmente a saída para crear os perfís de presión desexados e por tanto variar a presión tendo en conta a propia variable xunto co caudal.



Detalle: Válvula Redutora e filtro



Detalle: Sistema Anti-Cavitación

Aportase ficha técnica de todos os elementos descritos con anterioridade (Ver Anexo 8. Especificacións técnicas)

Unha vez realizadas as obras proxectadas e un estudio posterior da rede realizarase unha campaña de búsqueda de fugas con fin de reducir as pérdidas de agua no servicio. Para o caso levarase a cabo inspección xeral e pormenorizada das redes de distribución localizando pequenas fugas, permitindo unha xestión activa (propondo reparacións,

substitucións, sectorizacións, etc.) nas redes municipais de distribución. Para o caso utilizarase un xeófono que se encarga de traducir a forza das augas en impulsos eléctricos que axudan á xeolocalización da fuga, grazas ás ondas de son que emite.



Detalle: Xeófono ou detector de fugas

9.4 XESTIÓN DE RESIDUOS

Neste apartado inclúese a partida económica correspondente ás operacións de reutilización, valoración ou eliminación dos residuos xerados (expresada en toneladas e metros cúbicos) de construción e demolición que se xerarán na obra, codificados conforme a lista europea de residuos publicada pola Orde MAM/304/2002 e de conformidade coa letra a) da Directiva 75/442/CEE e apartado 4 do artigo 1 da Directiva 91/698/CEE. Debido a que un porcentaxe alto do residuo xerado será reutilizado en obra, inclúese o coste de retirada do resto na propia partida de excavación.

10.CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA

A cartografía xeral do municipio a escala 1/5.000, en soporte informático, foi facilitada polo Promotor, e é a que serviu de base á presente memoria, complementada con datos topográficos obtidos en traballos de campo.

11.INFORMACIÓN XEOTÉCNICA

Con obxecto de dar cumprimento ao artigo 233.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, inclúese unha descrición xeral da xeotecnia da zona sobre a que se sitúan as obras, baseándose na cal se concretan as características xerais dos terreos afectados.

9.1 INFORMACIÓN XEOTÉCNICA (MAPA XEOTÉCNICO XERAL)

De acordo ao Mapa Xeotécnico Xeral publicado polo Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (Folla de Ourense, nº 2-3 17), o emprazamento das obras caracterízase por ser un terreo semipermeable, drenaxe aceptable a favorable por escorrentía, con capacidade de carga alta e sen perigo de asentos.

9.2 CONCLUSIÓN

Despois da consulta do mapa, así como da inspección visual dos terreos afectados por esta memoria, conclúese que estes son aptos para a natureza das obras previstas.

12. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A vista dos planos de afeccións territoriais a escala 1:10.000 do Plan Básico Autonómico de Galicia, aprobado por Decreto 83/2018, de 26 de xullo, as obras localízanse nunha zona coas seguintes afeccións:

- Medio físico (augas).
- Infraestructuras (transporte).

Sobradelo:



Figura 1: Afeccións actuación en Sobradelo

10.1. AFECCIÓNS DE INFRAESTRUCTURAS (TRANSPORTE)

A correspondente solicitude de autorización ante os organismos titulares das vías de comunicación afectadas nesta memoria será realizada polo promotor. Neste caso o ámbito das obras de execución en Carballada de Valdeorras afectan á zona de afección da estrada nacional N-536, polo que se deberá solicitar a correspondente autorización de obras ante o organismo público competente.

10.2. AFECCIÓNS AO PATRIMONIO CULTURAL

De acordo co vixente plan urbanístico do termo municipal de Carballada de Valdeorras, así como co Catálogo de Patrimonio Cultural (documento de aprobación definitiva de data 26 de xullo de 2018) da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio, o ámbito das actuacións non afecta o contorno de protección de ningún elemento catalogado ou ben de interese cultural.

10.3. AFECCIÓNS Ó MEDIO FÍSICO

Neste capítulo, e á vista da cartografía do Plan Básico Autonómico, compróbanse as distintas afeccións ao medio físico nas actuacións previstas no municipio de Sobrado.

Atendendo a natureza das partidas incluídas neste capítulo, e de conformidade có prescrito no artigo 9.1 do Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico (en adiante RDPH), a execución das obras na zona de policía de cauces precisa da autorización administrativa previa do Organismo de conca, neste caso a Confederación Hidrográfica Miño - Sil.

13. PLANEAMIENTO URBANÍSTICO

MARCO NORMATIVO:

- LEI 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DEL TERRITORIO, del 10 de Febreiro de 2011.
- NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMIENTO, del 29 de Outubro de 1985.

PLANEAMENTO DE APLICACIÓN:

Estas obras executaranse no termo municipal de Sobrado, que a día de hoxe non conta con Plan Xeral de Ordenación Municipal.

14. XESTIÓN DE RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN

Para dar cumprimento ao establecido no R.D. 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construcción e demolición inclúese a valoración do custo previsto da xestión dos residuos de construcción e demolición no orzamento da Memoria.

Para dar cumprimento ao disposto na citada Lei, inclúese como Anexo á memoria de xestión de residuos de construcción e demolición.

15. PLAZOS DE EXECUCIÓN E GARANTÍA

De acordo coa Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, considéranse os seguintes prazos para as obras desta memoria:

- PLAZO DE EXECUCIÓN..... **DOUS (02) MESES**
- PLAZO DE GARANTÍA **DOCE (12) MESES**

16. PLAN DE OBRA

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, recolle como documentación necesaria nos proxectos o programa de obra, no seu artigo 233.1.e.

Para dar cumprimento ao disposto na citada Lei, inclúese como Anexo á Memoria un plan de obra, de carácter puramente indicativo, con previsión da duración e custo dos traballos.

17. CLASIFICACIÓN DEL CONTRATISTA

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **NON SERÁ REQUISITO INDISPENSABLE A CLASIFICACIÓN** do empresario como contratista de obras dos poderes adxudicadores para a licitación desta obra, teniendo en cuenta o prazo de execución da mesma, o seu orzamento e a súa tipoloxía.

18. VALORACIÓN DAS OBRAS

A valoración das obras realizouse conforme os Cadros de Prezos das distintas unidades de obra que se achegan no Anexo 4: Orzamento da presente Memoria, elaborados de acordo cos prezos habituais na zona de man de obra, materiais e maquinaria para o tipo de obras contemplado na Memoria.

Aplicando o Cadro de Prezos nº 1 ás cantidades de cada unidade de obra correspondente reflectidas nas Medicións, ascende o Orzamento de Execución Material das obras á cantidade de:

Orzamento de Execución Material..... 33.181,96 €

Incrementando o Orzamento de Execución Material uns 13% gastos xerais e un 6% en concepto de beneficio industrial, resulta un Orzamento Basee de Licitación (sen I.V.A.) das obras da presente Memoria que ascende á cantidade de:

Orzamento Base de Licitación (sin I.V.A.) 39.486,53 €

O importe do Imposto sobre o Valor Engadido que debe soportar a Administración, e

que equivale ao 21% do Orzamento Basee de Licitación das obras, ascende á cantidade de:

Importe del I.V.A. (21%)..... 8.292,17 €

Resulta así un Orzamento Total (I.V.A. incluído) das obras da presente Memoria que ascende á cantidade de:

Orzamento Total (I.V.A. incluído)..... 47.778,70 €

Dada a disposición de terreos para a execución das obras e a non existencia de servizos afectados polas mesmas, obtense o seguinte Orzamento para Coñecemento da Administración:

Orzamento para Coñecemento da Administración..... 47.778,70€

19. REVISIÓN DE PREZOS

Para os efectos previstos nos artigos 103 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, as obras incluídas nesta memoria non serán obxecto de revisión de prezos, calquera que sexan os aumentos dos custos de man de obra, materiais, maquinaria, etc.

20. DOCUMENTOS DA MEMORIA

A presente Memoria consta dos seguintes documentos:

Memoria

Anexos a Memoria

Anexo nº 01.- Catografía e Topografía

Anexo nº 02.- Información Xeotécnica

Anexo nº 03.- Afeccións a vías de comunicación

Anexo nº 04.- Xestión de residuos de construción e demolición

Anexo nº 05.- Plan de obra

Anexo nº 06.- Orzamento para coñecemento da administración

Anexo nº 07.- Estudio básico de seguridade e saúde

Anexo nº 08.- Especificacións técnicas

Anexo nº 09.- Planos

01 – Situación e emprazamento

02 – Planta localización instalacións abastecemento

03 – Planta localización instalacións proxectadas

04 – Planta sectorizacións proxectadas

05 – Mapa Plan Autonómico Básico

Anexo nº 10.- Orzamento:
Cadro de descompostos
Cadro de Prezos nº 1
Cadro de Prezos nº 2
Orzamento e Medicións
Resumo Orzamento

21. SEGURIDADE E SAÚDE

Inclúese como anexo á memoria un Estudo Básico de Seguridade e Saúde, dando cumprimento así ao R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, modificado por RR. DD. 604/2006, de 19 maio, e 337/2010, do 19 de marzo.

22. IMPACTO AMBIENTAL

As obras contempladas na presente memoria non están suxeitas a avaliación de impacto ambiental, de acordo co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

23. OBRA COMPLETA

As obras proxectadas constitúen unha obra completa, é dicir, susceptible de ser entregada ao uso público, sen prexuízo de posteriores ampliacións e/ou melloras de que posteriormente poida ser obxecto en memorias independentes, en cumprimento do artigo 125 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por R.D. 1098/2001, do 12 de outubro.

24. CONCLUSIÓN

Co descrito nesta Memoria e demais documentos considérase definilo con suficiencia e satisfeito deste xeito o encargo encomendado, elevando o documento ás administracións competentes para a súa aprobación, se o estiman pertinente, e posteriormente para servir de base para a adxudicación e execución das obras.

Carballada de Valdeorras, agosto de 2023

Fdo.: Víctor Comesaña Diego
Enxeñeiro Técnico Forestal

ANEXOS Á MEMORIA

ANEXO Nº 1.- CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA

ANEXO Nº 1.- CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA

1. OBXECTO

En cumprimento do artigo 233.1. f da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, inclúese o presente Anexo.

2. CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA

A cartografía xeral do municipio a escala 1/5.000, en soporte informático, foi facilitada polo Promotor, e é a que serviu de base ao Proxecto, complementada con datos topográficos obtidos en traballos de campo.

ANEXO Nº 2.- INFORMACIÓN XEOTÉCNICA

ANEXO Nº 2.- INFORMACIÓN XEOTÉCNICA

1. OBXECTO

En cumprimento do artigo 233.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, inclúese o presente Anexo.

2. INFORMACIÓN XEOTÉCNICA (MAPA XEOTÉCNICO XERAL)


De acordo ao Mapa Geotécnico Xeneral publicado polo Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (Folla de Ourense, nº 3-3 18), o emprazamento das obras caracterízase por ser un terreo moi permeable, en zonas de reserva de augas subálveas e drenaxe en términos desfavorable e aceptable con perigo de asentos e posibles problemas de tipo hidrolóxico e geotécnico.

3. CONCLUSIÓN


Despois da consulta do mapa, así como da inspección visual dos terreos afectados por este Proxecto, conclúese que estes son aptos para a natureza das obras previstas.

Se adxunta copia da Folla do Mapa Xeotécnico Xeral indicada no presente Anexo.





TOPOGRAFIA TOMADA DEL MAPA MILITAR E. 1:200.000



REGION	AREA	CRITERIOS DE DIVISION Y CARACTERISTICAS GENERALES
I	RELIEVES MUY ACUADOS DETRITICO-PIZARROSA	Constituida por terrenos antiguos. Predominando las areniscas cuarcíticas y pizarras esquistosas. Niveles de cuarcitas y bancos calcáreos. Zona de relieves muy acusados. Frecuentes coluviones y conchales en los laderos. Algunos deslizamientos. Drenaje superficial desarrollado; el subterráneo es fisural. Las condiciones constructivas son favorables, condicionadas -localmente- por factores geomorfológicos.
	RELIEVES ACUADOS PIZARROSA	Formada por terrenos antiguos. Predominan los esquistos, fundamentalmente pizarras. Zona de relieves bastante acusados y de morfología constante. Los conchales pizarrasos tienen bastante desarrollo. El drenaje superficial -salvo en puntos muy localizados- está bien desarrollado. El subterráneo es prácticamente nulo o fisural. Las condiciones constructivas son favorables, pero sensiblemente modificables por la acción del hombre.
	RELIEVES DESTACADOS GRANITICA	Constituida por rocas ígneas. Fundamentalmente, de carácter granítico. Zona de relieves muy acusados y morfología variada. Importantes áreas recubiertas por materiales de alteración. Deslizamientos muy localizados. El drenaje superficial está muy bien desarrollado. El subterráneo es de carácter fisural. Las condiciones constructivas son favorables en términos generales; localmente modificables por factores geomorfológicos.
	RELIEVES MEDIOS DETRITICO-CARBONOSA	Comprende terrenos antiguos. Pizarras, areniscas y conglomerados; bancos de calizas y capas de carbón. Zona de relieves medios; con laderos localmente inestables (deslizamientos y soliflukciones). El drenaje superficial está bien desarrollado; el subterráneo está condicionado por la fisuración. Las condiciones constructivas son favorables en términos generales; localmente modificadas por factores geomorfológicos.
	RELIEVES FUERTES CALCAREA	Formada por terrenos antiguos; exclusivamente por niveles calcáreos. Zona de relieves acusados, de morfología fuerte; con laderos estables bajo condiciones normales. El drenaje superficial es muy activo; el subterráneo está condicionado por fenómenos cársticos. Las condiciones constructivas son favorables; salvo en puntos localizados, debido a la morfología cárstica.
	RELIEVES MODERADOS ARCILLOSA	Comprende terrenos modernos, muy arcillosos. Zonas de escaso relieve. Con áreas de erosión activa. El drenaje superficial es aceptable; el subterráneo presenta escaso desarrollo. Las condiciones constructivas son aceptables. En puntos localizados pueden producirse deformaciones y asentamientos.
	RELIEVES POCO ACUADOS ACUMULACIONES RECIENTES	Constituida por terrenos recientes. Distribución irregular y litología detrítica variada. Zonas ligadas a relieves bajos a de escasa pendiente. La permeabilidad es muy elevada y, en zonas importantes, constituye reservas de aguas subterráneas. Las condiciones constructivas son muy variables. Entre los términos desfavorable y aceptable.
II	RELIEVES DE LOMAS ARCILLOSA	Formada por terrenos modernos, esencialmente arcillosos; intercalaciones de niveles detríticos. Zonas de escaso relieve. Deslizamientos muy localizados. El drenaje superficial y subterráneo es discreto. Las condiciones constructivas son aceptables. Pueden producirse asentamientos en áreas muy concretas.
	RELIEVES PLANOS ACUMULACIONES RECIENTES	Integrada por terrenos recientes. Materiales -fundamentalmente- detríticos, con distribución irregular. Zonas de escasa pendiente. Permeabilidad elevada, constituyendo importantes reservorios de aguas subterráneas. Las condiciones constructivas varían entre desfavorables y aceptables.

CRITERIOS DE CLASIFICACION							
CONDICIONES CONSTRUCTIVAS	PROBLEMAS "TIPO" EXISTENTES	CONCURRENCIA DE 2 PROBLEMAS "TIPO"		CONCURRENCIA DE 3 PROBLEMAS "TIPO"	CONCURRENCIA DE 4 PROBLEMAS "TIPO"	PROBLEMAS GEOTECNICOS	NOTACION
Muy Favorables	Litológicos	Litológicos y Geomorfológicos	Geomorfológicos e Hidrológicos	Litológicos, Geomorfológicos e Hidrológicos	Litológicos, Geomorfológicos, Hidrológicos y Geotécnicos (p.d.)	De Capacidad de carga	Geotécnicos Varios
Favorables	Geomorfológicos	Litológicos e Hidrológicos	Geomorfológicos y Geotécnicos (p.d.)	Litológicos, Geomorfológicos y Geotécnicos (p.d.)		De Asentamientos	
Aceptables	Hidrológicos	Litológicos y Geotécnicos (p.d.)	Litológicos, Hidrológicos y Geotécnicos (p.d.)	Litológicos, Hidrológicos y Geotécnicos (p.d.)			
Desfavorables	Geotécnicos (p.d.)	Litológicos y Geotécnicos (p.d.)	Hidrológicos y Geotécnicos (p.d.)	Geomorfológicos, Hidrológicos y Geotécnicos (p.d.)			
Muy Desfavorables							

LEYENDA		
CONDICIONES CONSTRUCTIVAS FAVORABLES	CONDICIONES CONSTRUCTIVAS ACEPTABLES	CONDICIONES CONSTRUCTIVAS DESFAVORABLES
Problemas de tipo Geomorfológico	Problemas de tipo Geotécnico (p.d.)	Problemas de tipo Hidrológico y Geotécnico (p.d.)



ANEXO Nº 3.- AFECCIONES A VÍAS DE COMUNICACIÓN

ANEXO Nº 3.- AFECCIÓNS A VÍAS DE COMUNICACIÓN

1. SOLICITUDE DE PERMISO

A correspondente solicitude de autorización de obras por afeccións a vías de comunicación será realizada polo promotor ante as administracións competentes.

Neste caso practicamente a totalidade das zonas de actuación afectadas polas obras **MEMORIA: "OBRA DE MELLORA NO ABASTECIMENTO DE SOBRADELO. CONCELLO DE CARBALLEDA DE VALDEORRAS"** son de titularidade municipal, a excepción de traballos de pequena entidade a realizar na marxe da N-536 polo que é necesario a solicitude de autorización de obras.



ANEXO Nº 4.- XESTIÓN DE RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN

ANEXO Nº 4.- XESTIÓN DE RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN

1. OBXECTO

Redáctase o presente anexo para dar cumprimento ao establecido no R.D. 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

Máis concretamente no artigo 4.1.a de o R.D. 105/2008, do 1 de febreiro, sinálase a obrigación de incluír nos proxectos de execución das obras de construción ou demolición un estudo de xestión dos residuos xerados nelas. No mesmo parágrafo do mencionado artigo faise referencia ao contido mínimo do devandito estudo.

2. ESTIMACIÓN DA CANTIDADE DE RESIDUOS

A cantidade estimada (expresada en toneladas e metros cúbicos) de residuos de construción e demolición que se xerarán na obra, codificados conforme a lista europea de residuos publicada pola Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos, é a seguinte:

UNIDADE DE OBRA	DESIGNACIÓN	CANTIDADE ESTIMADA	CÓDIGO L.E.R.	RESIDUO
U-616 U-5182	Escavación en zanxa	60,00 m3	17 05 04	Terras e pedras que non conteñen substancias perigosas

Conforme ao disposto no artigo 3.1 do R.D. 105/2008, do 1 de febreiro, excluíronse da relación anterior as terras e pedras, non contaminadas por substancias perigosas, reutilizadas na mesma obra, nunha obra distinta ou nunha actividade de restauración, acondicionamento ou recheo.

3. MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN DE RESIDUOS

Propóñense a continuación varias medidas para a prevención da xeración de residuos de construción e demolición nas obras obxecto do presente Proxecto:

- Adopción, por parte da Empresa Construtora, de boas prácticas no desenvolvemento da actividade xeradora de residuos.
- Emprego, por parte do Contratista, de tecnoloxías tanto nos equipos como nos

procesos e produtos que xeren menos residuos ou favorezan a súa reutilización, reciclaxe e valorización.

- Redución, por parte da Empresa Construtora, do número de envases e embalaxes de materiais da construción.

4. OPERACIÓNS DE REUTILIZACIÓN, VALORACIÓN OU ELIMINACIÓN DE RESIDUOS

Non se prevé a posibilidade de realizar dentro a obra ningunha operación de reutilización, valorización ou eliminación, debido á pequena cantidade de residuos xerados.

O Contratista preverá, no plan de xestión de residuos de construción e demolición que está obrigado a presentar, a contratación de xestores de residuos autorizados para a correspondente retirada e tratamento posterior dos residuos.

5. MEDIDAS PARA A SEPARACIÓN DE RESIDUOS

Antes do comezo dos traballos, o Contratista Adxudicatario das obras deberá propoñer as medidas necesarias para a separación dos residuos de construción e demolición en obra, para o cumprimento pola súa banda da obrigaón establecida no artigo 5.5 do R.D. 105/2008, do 1 de febreiro.

Os contedores ou sacos industriais empregados para a separación dos residuos cumprirán as especificacións da normativa vixente e sinalizaranse co pictograma, o nome do residuo e o código L.E. R. que corresponda.

6. INSTALACIÓNS PARA O ALMACENAMENTO, MANEXO E, NO SEU CASO, OUTRAS OPERACIÓNS DE XESTIÓN DE RESIDUOS

Os planos das instalacións previstas para o almacenamento, manexo e, no seu caso, outras operacións de xestión dos residuos de construción e demolición dentro da obra, serán presentados polo Contratista antes do comezo dos traballos. Devanditos planos deberán estar adaptados ás características particulares da obra e os seus sistemas de execución, e deberán contar co beneplácito da Dirección Facultativa da obra.

7. PRESCRIPCIÓNS PARA O ALMACENAMENTO, MANEXO E, NO SEU CASO, OUTRAS OPERACIÓNS DE XESTIÓN DE RESIDUOS

Establécense as seguintes prescricións relativas á xestión de residuos de construción e demolición:

- Prohíbese a vertedura de residuos de construción e demolición que non fosen sometidos a algunha operación de tratamento previo.



- O Contratista estará obrigado a presentar un plan que reflicta como levará a cabo as obrigacións que lle incumban en relación cos residuos de construción e demolición que se vaian a producir na obra. Devandito plan, unha vez aprobado pola Dirección Facultativa e aceptado polo Promotor, pasará a formar parte dos documentos contractuais da obra.
- A Empresa Construtora, cando non proceda a xestionar os residuos por si mesma, estará obrigada a entregalos a un xestor de residuos. Os residuos de construción e demolición destinaranse preferentemente, e por esta orde, a operacións de reutilización, reciclado ou a outras formas de valorización.
- A entrega dos residuos de construción e demolición a un xestor por parte do Contratista haberá de constar en documento fidedigno, no que figure, polo menos, a identificación do posuidor e do produtor, a obra de procedencia e, no seu caso, o número de licenza da obra, a cantidade, expresada en toneladas ou en metros cúbicos (ou en ambas as unidades cando sexa posible), o tipo de residuos entregados (codificados conforme a lista europea de residuos publicada pola Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro) e a identificación do xestor das operacións de destino.
- A Empresa Construtora estará obrigada, mentres os residuos de construción e demolición atópanse na súa poder, a mantelos en condicións adecuadas de hixiene e seguridade, así como a evitar a mestura de fraccións xa seleccionadas que impida ou dificulte a súa posterior valorización ou eliminación.
- Cando o xestor ao que o Contratista entregue os residuos de construción e demolición efectúe unicamente operacións de recollida, almacenamento, transferencia ou transporte, no documento de entrega deberá figurar tamén o xestor de valorización ou de eliminación ulterior ao que se destinarán os residuos.

8. VALORACIÓN ECONÓMICA DA XESTIÓN DE RESIDUOS

A valoración do custo previsto da xestión dos residuos de construción e demolición forma parte do orzamento do Proxecto e está incluído na partida de excavación de zanja no capítulo de movementos de terras , de acordo co establecido no artigo 4.1.a de o R.D. 105/2008, do 1 de febreiro.

